



Queridos colegas, queridos amigos y outras persoas que nos acompañan neste acto, bos días en benvidos.

Bos días.

Un ano máis estamos aquí os enxeñeiros técnicos industriais da Coruña para homenaxear ó noso santo Patrón San Xosé, así que agora voume dirixir a el.

Bos días:

Querido San Xosé, xa estamos aquí outra vez unha boa representación de todos os enxeñeiros técnicos industriais. Este ano verás que faltan algúns que eran fixos que desgraciadamente nos deixaron e aos que botamos moito de menos, pregámosche que lles botes unha man alí no ceo que é o noso destino natural como enxeñeiros.

Podes ver que este ano hai cambios, non veu Emilio de la Fuente a facerche as peticións pertinentes e teño as miñas dúbidas de que eu sexa capaz de facelo coa mesma graza e brillantez. Pero tocoume así que aquí vou tratar de facelo o mellor posible. (Xa me dixo a miña muller cando viñamos para aquí que me fixara ben, que non fora confundir a San Xosé co Nazareno e que falara a modo para que se me entendera, a ti, San Xosé xa te localicei e agora vou ver si son quen de falar a modo.) Imos ver si me fago explicar, si me escoitas e si me oes.

A verdade é que tes que entender que o pobre Emilio síntese cansado e defraudado polo pouco caso lle fixeches nestes derradeiros anos, entón, cando fixemos un repaso do acadado, díxome, mira vai ti e negocia directamente con el que eu xa non sei que dicirle para que nos faga caso así que o mellor é que vaia o Decano e que colla o touro polos cornos.

Así que aquí estou eu e estou para poñerme moi serio e reclamarche axuda con humildade pero con firmeza. Imos ver si teño máis éxito.

Teño que dicirche que sabemos que es o Santo Patrón de outros gremios e entendemos que tes que atender as peticións de todos, pero ti tamén tes que entender que teñamos celos, parécenos que fas moito máis polos carpinteiros, que por nosoutros, xa que non hai nin un en paro, e sabemos tamén que ti tes unha infinita capacidade para atender as demandas deles e as nosas, polo tanto non tes desculpa e este ano xa nos imos poñer nunha tesitura raiana na exixencia, déixate de ollar para outro lado e mira por nos, pero mira por nos con urxencia e con eficacia, cómprenos moito tódalas axudas que poidan chegar, así que vaite poñendo a labor para que para o ano que ven poidamos vir a dicirche "Grazas San Xosé as cousas melloraron e van por bo camiño.

A ti non che compre que che lembre que temos algúns compañeiros sen traballo, cousa que antes non permitías. Que temos moitos compañeiros con traballos precarios, que para eses traballos no facía falla pasar pola Universidade e sufrir os



agobios dos exames, o acoso dos profesores e ter que estudar termodinámica, inglés ou cálculo infinitesimal. Que temos moitos compañeiros en Inglaterra, Dubai, Brasil, Alemaña, México, Colombia, Etiopía, Chile, etc., etc.

Todo isto é moi sinxelo, somentes che pedimos que os que non teñen traballo que lles apareza, que á vez desapareza o traballo precario e que os que están fóra e queren voltar que poidan facelo en condicións dignas. Xa ves que pouco che pedimos para a túa inmensa capacidade de xestión.

E vouche dicir outra cousa máis, xa comezaron a sentirse rumores entre o colectivo de que se cadra temos que mudar de Patrón e establecer como substituto a un Santo algo máis afastado do poder e con menos tarefas que desenrolar, agardo con moita seguridade que isto non sexa necesario e que vas a poñer da túa parte o que cumpra para que non se teña, nin tan sequera que plantexar a proposta. En todo caso xa ves que celebramos esta misa o día de San Juan de Nápoles, Bispo, do que xa comezamos a estudar o currículo.

Non sei se cho dixen claro, alto e con firmeza o que pretendía dicirche, fíxeno o mellor que sabía, pero non me falles porque van dicir os colegas que non teño ningunha capacidade de convicción e se para o ano que ven estamos nas mesmas entón imos a votarche a outro colega seleccionado entre os de máis malas pulgas para que che poña as peras a cuartos.

É certo que se cadra segues a pensar que este noso gremio ou colectivo é o dos Peritos Industriais ou o dos Enxeñeiros Técnicos Industriais e se cadra non sabes que agora tamén están integrados os Graduados, pero os Graduados en Enxeñería Industrial, toma nota por se non o sabías, estes tamén son dos nosos, As cousas mudan, e agardamos que esta mudanza sexa para mellor.

E o dito, ponte a funcionar que nos fai moita falla. En función de cómo vaian as cousas para o ano se cadra facémosche outras peticións a maiores, que temos moitas, pero polo de agora vai amañando pouco a pouco e xa se verá.

Rematando, aínda non te vexo que me miraras aos ollos e me dixeses, ala, vaite tranquilo que todo isto está feito.

En todo caso con todo o respecto, humildade e cariño pregámosche que nos atendas.

Moitas grazas querido San Xosé e deica o ano que ven que espero que nos volvamos a ver.